

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 11.00 horas do día 8 de febreiro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 24 de xaneiro de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obra menor).
- 3º.- Licenzas de primeira ocupaci3n.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Modificaci3n de licenza de obra maior.
- 6º.- Licenza de segregaci3n.
- 7º.- Aprobaci3n inicial de modificaci3n do Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable Monte Balado.
- 8º.- Aprobaci3n definitiva de cambio de sistema de actuaci3n do Solo URB-1 Villa Amalia.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 24 DE XANEIRO DE 2017.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 24 de xaneiro de 2017.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por José Luis Sampedro Bouzas, que di actuar en representaci3n de COMERCIAL BASTAVALES SOCIEDADE CIVIL, con domicilio en San Salvador 17, Bastavales, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en San Salvador 17, Bastavales:

- Colocaci3n dun rótulo luminoso indicador da actividade dentro da parcela.
- Rebaixe da beirarrúa no fronte da parcela, para acceder cos vehículos.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo urbano (UC1).

O concelleiro José Luis Sampedro Bouzas abstense no debate e votaci3n deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstenci3n do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condici3ns:

- O rebaixe da beirarrúa será do mínimo imprescindible para a entrada dun vehículo e adaptarase ás condici3ns das existentes no concello.
- O cartel indicador situarase no edificio ou terreo no que se desenvolve a actividade, máis separado da estrada que a liña límite da edificaci3n e a unha distancia da calzada non inferior á súa altura.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por INES CORENTO MOYA, con domicilio na Avd. da Mahía 84, P3, 2ºK, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Chave de Carballo, Bastavales, na parcela 1246 do polígono 503:

- Construción dun peche de parcela con zapatas de formigón soterradas, tubos metálicos galvanizados de cor verde e maia, con dúas portas de acceso, unha no fronte e outra na parte posterior. A parte cega do bloque terá unha altura máxima de 1,50 metros e acadando unha altura total de 1,80 metros con maia e situarase a 5 metros do eixo do camiño.
- Construción dun alpendre agrícola de 5,50 metros de ancho x 9 metros de longo e unha altura de 3,50 metros, a base de bloques de formigón, tella e madeira.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.d) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución de Augas de Galicia de data 22/12/2016 (Clave: DH.W15.53642), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- A base de bloques de formigón deberá ser enfuscada e pintada.
- A obra non deberá ocupar a zona de servidume do regato, consistente nunha banda de 5 metros de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA BLANCA LOPEZ BERMUDEZ, con domicilio en Sabaxáns 36, Bastavales, na que comunica que vai construír un peche en Sabaxáns 36, Bastavales, na parcela con referencia catastral 15013B503013600000ME. O peche farase cunha base de bloque, postes de formigón e arame, ata unha altura máxima de 1,20 metros, colocando dúas columnas para un portal de acceso á parcela.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación, en base á disposición transitoria 1ª.2.b) da Lei 2/2016, o disposto nesta lei para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a base de bloques deberá ser enfuscada e pintada e non sobrepase a altura máxima de 1,20 metros e a altura total de peche non sexa maior de 1,80 metros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por CARLOTA MERA VIDAL, con domicilio en Sabaxáns 10, Bastavales, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Sabaxáns 85, Bastavales.

Con data 20/07/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Carlota Mera Vidal e John Nieto López para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra da arquitecta Laura Reboredo Suárez, visada no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña o 16/01/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alberto Blanco Rodríguez, que di actuar en representación de JESUGAR SL, con domicilio en Rúa Alcalde Lorenzo 26, baixo, Bertamiráns, Ames, de solicitude de licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Caxusa 14, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/01/2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/01/2017.
- Como garantía da urbanización (conexión cos servizos urbanos existentes e realización das obras accesorias de urbanización do fronte da parcela), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 133,00 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 7 de febreiro de 2017.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ISABEL FERREIRO VEIGA e GABRIEL FERNANDEZ VIEITES, con domicilio en Vilas 11, Bastavales, de solicitude de licenza de obra maior para rehabilitar a vivenda de Vilas 11, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Ramón Vieites Castiñeiras, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/11/2016.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 2 de febreiro de 2017(expte 2007/15), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Ramón Vieites Castiñeiras, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23/11/2016.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder, en calquera caso, o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).
- A carpintería será en madeira ou aluminio lacado, pero non pode ser en aluminio imitando madeira.
- Os partelúas non se disporán interiores ao vidro.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Cid Rodríguez e Javier Rivadulla Montaña, que din actuar en representación de BUILDINGCENTER SAU, con domicilio en Rúa do Penedo 30, baixo A, Santiago de Compostela, na que solicitan modificación da licenza concedida en Xunta de Goberno Local o 19/09/2006, para construír un edificio de semisoto, planta baixa, e dúas plantas altas para 16 vivendas, 4 locais e garaxes, no lugar da Avda de Noia 21, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado por Cid - Rivadulla, arquitectos SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/06/2016 e documentación complementaria visada o 01/12/2016.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local en sesión do 19.09.2006 adoptou o seguinte acordo:

“ Deuse conta dunha instancia presentada por PROMOCIONES PAZOS SOUTO 2000 SL, con domicilio en Carlos García Bayón, nº 5 baixo, Caldas de Reis, en solicitude de licenza para a construción dun edificio de semisoto, planta baixa, e dúas plantas altas para 16 vivendas, 4 locais e garaxes, no lugar da Avda de Noia, confeccionado pola Arquitecta Dona Eva M. Martínez Abastida. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do Arquitecto Municipal D. Alberto Iglesias Fungueiriño, acorda por unanimidade concede-la licenza solicitada, resalvando o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, e sempre que na execución das obras se dea exacto cumprimento ao proxecto técnico presentado e se cumpran as demais condicións impostas polo técnico municipal, que se anexionan a este acordo formando parte integrante do mesmo.”

2. A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.09.2016 adoptou o seguinte acordo:

“ a) Deuse conta dun escrito asinado por Javier Rivadulla Montaña, que di actuar en representación de BUILDINGCENTER SAU, con domicilio en R/ Provençals 39, Barcelona, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, concedida en Xunta de Goberno Local o 19/09/2006 a Promociones Pazos Souto 2000 SL.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder o cambio solicitado, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, poñendo a licenza de obra maior para a construción dun edificio na Avd. de Noia 21, Os Ánxeles, a nome de BUILDINGCENTER SAU, con CIF: A-63106157 e domicilio en R/ Provençals 39, Barcelona.”

As modificacións consisten en:

- Obras de adecuación de locais en planta baixa para uso residencial do edificio en fase de construción, incrementando o número de vivendas en 7, 4 vivendas no portal 1 e 3 vivendas no portal 2, pasando o edificio a ter un total de 23 vivendas.
- Modificación da distribución da planta soto destinada a albergar as prazas de aparcamento e trasteiros, pasando de 24 a 23 trasteiros e mantendo o número de prazas de garaxe (26).
- Modifícase o espazo diante do aliñamento exterior, colocando un peche a 6 metros do aliñamento exterior para garantir unha distancia mínima de 2 metros de profundidade (uso privativo) de protección de vistas desde a rúa ou espazos públicos. Decreto 29/2010:I.A.1.2)

A parcela onde se pretenden executar as obras, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, denominado: Modificación de proxecto de 16V+4L (LIC19/09/2006) de adecuación de p. baixa a uso residencial vivenda 23V+0L, redactado por Cid - Rivadulla, arquitectos SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 20/06/2016 e documentación complementaria visada o 01/12/2016.
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables

delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Se deixa o asunto sobre a mesa ao non estar completo o expediente.

SÉTIMO.- APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE MONTE BALADO.

Dada conta do documento denominado: Modificado de Plan parcial do sector de solo urbanizable " Monte Balado ", redactado pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, de data 2 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello, por delegación da alcaldía do 10.07.2015, por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento: Modificado de Plan parcial do sector de solo urbanizable " Monte Balado " referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, consonte co establecido no art.75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Tramitar o expediente consonte co disposto no art.75 e ss. da Lei, non sendo necesaria ningunha tramitación ambiental, nin ser precisa aprobación provisional, nin informe previo do organismo autonómico competente en materia de urbanismo, por tratarse dun Plan parcial previsto no PXOM (art.75.1.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

3º) Rematado o procedemento será aprobado definitivamente polo Pleno como órgano competente do concello.

OITAVO.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN DO SOLO URB-1 VILLA AMALIA.

Antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.12.2016 adoptou o acordo que na súa parte dispositiva di:

“” 1º) Aprobar inicialmente o cambio do sistema de actuación do solo URB-1 VILLA AMALIA, pasando do sistema de actuación indirecto de concerto ao sistema de actuación directo de cooperación, a instancia de solicitude subscrita conxuntamente pola SAREB (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria) e a entidade mercantil Inversiones Inmobiliarias Canvives SA, con rexistro de entrada no concello núm. 4805, de data 3 de novembro de 2016.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública por prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da provincia e con notificación individualizada aos propietarios afectados, consonte co establecido nos artigos art. 112.2 da Lei do solo de Galicia e 285.3 do seu Regulamento. Finalizado o trámite de información pública, o concello aprobará definitivamente a modificación do sistema de actuación.””

2. Realizado o trámite de información pública mediante publicación de anuncio no BOP do 27.12.2016 e con notificación individualizada aos propietarios afectados que consta no expediente, non se presentou ningunha alegación segundo certificación de secretaría.

A Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello para a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, por delegación da alcaldía do 10 de xullo de 2015, por unanimidade, acorda:

1º) Aprobar definitivamente o cambio do sistema de actuación do solo URB-1 VILLA AMALIA, pasando do sistema de actuación indirecto de concerto ao sistema de actuación directo de cooperación, a instancia de solicitude subscrita conxuntamente pola SAREB (Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria) e a entidade mercantil Inversiones Inmobiliarias Canvives SA, con rexistro de entrada no concello núm. 4805, de data 3 de novembro de 2016.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e efectos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 11.20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González